



Materiais didácticos para a actividade

Equipo de traballo

Juan Ávila Ribadas

Román Cerqueiro Landín

Paco Díaz Rey



Doc. nº4. Módulo 4

Ler e escribir para aprender/se

De entre todas as funcións que poden desempeñar os textos hai unha que supera ao resto en importancia para o alumnado; trátase do valor cognitivo, da súa virtual capacidade para vehicular aprendizaxe. Esta característica fundamental atende a dous aspectos:

Aspecto formal (xéneros textuais)

Determinados xéneros textuais pertencen ao ámbito da aprendizaxe, do estudo. Son os chamados “**textos expositivos**”. Non depende tanto do seu contido canto das súas características formais. Son os textos que os/as estudantes manexan acotío e que vehiculan os seus procesos de achegamento e dominio das diferentes áreas e materias que conforman o currículo.

Estes textos son moi variados e diversos. Habitualmente residen nos ubicuos “libros de texto” pero non é este o único lugar onde atopalos. De feito, calquera medio de comunicación abonda en textos susceptibles de seren utilizados (lidos e escritos) segundo esta nosa tipoloxía, ou sexa: para aprender.

En verdade que son variados, moito máis do que adoitamos considerar. As probas internacionais de avaliación da comprensión lectora sorprenderon a moitos/as docentes cando consideraron textos para a lectura comprensiva a todo un elenco de formatos textuais que, no común das prácticas, non se consideraban tal. Denomináronos textos non lineais e aluden a mapas, esquemas, cadros, táboas, representacións estatísticas, gráficas...

Polo tanto, e resumindo, existe toda unha grande serie de textos que se len e escriben coa intención de aprender (tamén de ensinar). Desde os tradicionais textos lineais do estilo dos temas, leccións, apuntamentos... etc. propios da docencia, ampliados cos textos non lineais mencionados, e que chegan até os vibrantes e fulgurantes textos dixitais que

conforman o contorno comunicativo do mundo actual e no que se transmite a información en cantidades cada vez máis grandes.

Aspecto procesual (construción dos textos)

O que verdadeiramente sitúa un determinado xénero textual dentro deste grupo (textos para aprender/se) non é a súa forma tanto como a **intención, a finalidade coa que se aborda**, sexa esta abordaxe receptiva (ler, comprender) ou produtiva (escribir). Aí é onde adquiren a súa condición, no proceso que se desenvolve para a súa creación, recreación ou comprensión.



http://www.youtube.com/watch?v=Qpp8XLTx6hg&feature=player_embedded

Como sabes, non hai unha única forma de ler. A finalidade da lectura, a intención, condiciona os mecanismos e procesos que se poñen en marcha. Compara estes dous exemplos: buscas un número de teléfono na guía telefónica da túa cidade (lectura eferente); les o último poemario da túa/o teu autor/a favorito/a (lectura estética). Son iguais os procesos?

Evidentemente non. No primeiro exemplo –escollido entre os máis evidentes– a lectura é extremadamente rápida, superficial, dirixida á busca dun dato concreto dentro do corpo do texto. Canto máis habituado estea o lector a un determinado xénero textual (guía de teléfono neste caso; intercambiable por un dicionario, glosario, temario, cuestionario... todo remata en -ario!) máis rápido e eficaz será na comprensión lectora. O segundo exemplo é tamén paradigmático da intención estética. A lectura é, nesta ocasión, detida, lenta, circular. Non buscamos nada. Máis ben saboreamos a intensidade de cada son, de cada palabra. Tamén depende da familiaridade con estes textos (poesía, narración, teatro...) a eficacia e o goce deles.

Hai, polo tanto, múltiples formas de ler –nun continuo desde o máis estético até o máis eferente– e unha en particular que nos interesa neste módulo de traballo, unha forma de ler que se situaría a medio camiño (atenta ao contido, na procura de datos, palabras, expresións; pero atenta tamén á forma, á estrutura e ás súas especiais significacións): esta é a forma de ler que trataremos aquí, unha lectura que persegue aprender: ler (e escribir) para aprender.



<http://youtu.be/VKbD0mDWSac>

A todo isto habería que engadir unha derradeira consideración. Garda relación con este engadido que utilizamos no título deste módulo (aprender/se). Este pronome reflexivo simboliza unha referencia a procesos que se desenvolven en concreto no eido da escrita. Apunta ao feito de que en moitas ocasións (de certo que te recoñecerás nesta afirmación) escribimos para coñecérmonos a nós mesmos, para ser conscientes do que sabemos, para saber o que aprendemos... é dicir: **escribimos tamén para aprendérmo/nos!**

Se estás de acordo coas anteriores consideracións, abofé que concordarás tamén co valor que ten a lectura e a escrita no desenvolvemento humano, na aprendizaxe (tanto dos contidos de todas as áreas e materias como do propio proceso de aprendizaxe persoal). Ler e escribir son as ferramentas fundamentais para aprender e sono tamén para **aprender a aprender**.

Escribir. O mellor camiño para mellorar a lectura

Faremos fincapé nunha proposta fundamental: a necesidade de **substituír a corrección por procesos de mellora de borradores**. Procesos que vaian prestando atención secuencial aos diversos aspectos que se poñen de relevo ao longo da elaboración dun texto escrito.

O traballo con borradores proporciona ao alumnado a posibilidade de vivir a creación dun texto como un proceso de mellora, centrado na eficacia comunicativa do escrito. Ao profesorado dános a oportunidade de prestar atención aos diferentes aspectos (coherencia, cohesión, adecuación, corrección, etc.) nos diferentes momentos do proceso. É unha proposta posible para que cada quen a modifique e a personalice como lle resulte máis conveniente. Pensamos que, para traballar un determinado xénero textual co alumnado, deberíamos observar –cando menos– estas tres fases:

Fase I: de creación de ideas

Esta primeira fase é o momento de pensar sobre para que e para quen é o escrito. Que pretendemos e que información queremos incluír. É un momento de elaboración de ideas. Para esta fase existen diversas ferramentas que axudan á creación de ideas (brain storming, técnica do diamante, diagramas...) É un momento ideal para traballar co

alumnado aspectos tales como a coherencia textual, a adecuación, o contexto; é un tempo moi interesante para desenvolver no alumnado a súa capacidade de elaborar mapas de ideas, mapas mentais, esquemas, relacións conceptuais... recursos extremadamente valiosos para o seu desenvolvemento intelectual. Non é o momento da ortografía.

Fase II: de organización das ideas (estrutura)

Este é o momento de pensar xa na lingua, pero todavía no eido máis funcional. Centrado no/s interlocutores/as e na finalidade, na lexibilidade, no efecto, na cohesión textual e na coherencia. É o momento ideal para a reflexión lingüística (tempo para a sintaxe, para a morfoloxía e a semántica; tempo de parágrafos, de micro e macro estruturas, de conectores, deícticos, anáforas). Este é un momento ideal para propoñerlle ao alumnado esquemas ou guías de escrita, axudas, apoios. En definitiva, é o tempo de darlle ás ideas a mellor organización para a finalidade que perseguen. Non é aínda o tempo de ortografía.

Fase III: da forma

Velaí o momento último. Temos as ideas e témolas organizadas. Chega o tempo de atender á súa aparencia externa. Chega o momento de valorar a súa estética e a súa corrección formal (que é de importancia extrema para que sexa funcional, para que cumpra a súa finalidade, ou sexa, para que alguén o poida ler do xeito que nós pretendemos que o lea). Chega por fin o tempo da ortografía, tamén da tipografía, da presentación, do formato, das cores, etc. Trátase, en definitiva, do último banzo na elaboración do escrito, o tempo de pensar onde e cando vai ser ofrecido aos seus ou ás súas interlocutores/as e de darlle a forma precisa e máis axeitada.

Se un xénero é novo para o alumnado, antes de que os nenos e as nenas o escriban, precisa dunha presentación. Convén facer unha lectura del prestando atención aos seus aspectos externos (formato, estrutura, partes nas que se divide, estilo, etc.) e tamén internos (léxico, ton, sintaxe, rexistro, etc.). Hai que ler e comprender tanto na súa superficie como en profundidade, unha lectura crítica. Isto faise mellor de xeito colectivo, modelado polo/a mestre/a.



<http://youtu.be/QvFQ5cTRsbA>

Cremos, desde a nosa experiencia, que as actividades de comprensión e de produción de textos resultan mellor se son colaborativas, ben con todo o grupo ou en pequenos grupos ou parellas. A avaliación dos escritos gaña coa valoración entre iguais. A lectura dos textos entre compañeiras/os axuda a percatarse das eivas e das melloras posibles, enriquecendo o proceso de escrita. Sempre que sexa posible fai estas actividades colaborativas

Textos dixitais. Informarse, aprender na rede

Coma nos módulos anteriores, o que imos explorar neste bloque de contido son as posibles melloras, o valor engadido que o eido dixital nos ofrece para a lectura e a escrita, en particular cando estes procesos están vencellados á aprendizaxe.

As tres características que vimos mencionando ao longo deste obradoiro (dixital, multimedia e interactivo) dos textos dixitais continúan a engadir valor na mesma medida que o engaden a outros xéneros textuais (enriquecen as posibilidades de comunicación, de asimilación, de atención...). Mais onde atopamos o realmente valioso é no **auxilio dos procesos de creación de textos**. Poderíamos sinalar **dous camiños** (para cada un deles proporémosche unha tarefa):

1) Aplicacións deseñadas directamente para estes procesos (aprender, ensinar)

Existen multitude de aplicacións na rede que serven para desenvolver procesos intelectuais de metacognición (resumo, esquema, mapa, taxonomía, táboa, distribución de datos, gráficos... etc.) Estes recursos son dun valor incalculable para favorecer, facilitar e mesmo posibilitar moitas das tarefas necesarias para os alumnos e alumnas.

2) Utilización de aplicacións diversas con esta finalidade (aprender, ensinar)

Porque en moitas ocasións (como sinalamos ao comezo deste escrito) a cuestión non é o texto en si, o seu particular xénero, senón a intención ou a finalidade coa que nós o abordamos. Daquela, moitas das aplicacións máis habituais, sinxelas e manexables cobran un valor educativo impresionante. Exploraremos algunhas delas, nomeadamente as coñecidas “presentacións”.



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.